

**Acta núm. 16/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 8 de outubro de 2024.**

ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.
Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 8 de outubro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2024, DO 10/09/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) RENUNCIA PARCIAL A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2024, DO 10/09/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10.09.2024, acta núm. 15/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Verónica Pijuán Hervello, que di actuar en representación de JUAN REY CALVO, na que comunica que vai instalar unha piscina prefabricada, de 7,40 m. de longo x 3,45 m. de ancho, e unha profundidade de 1,45 metros en Lamiño 25 – Brión. A piscina segundo a memoria técnica asinada pola enxeñeira técnica agrícola María Verónica Pijuán Hervello en data 17.04.2024 e documentación anexa asinada en data 14.05.2024 (plano de emprazamento corrixido), situarase na parte posterior da parcela e afastada a 3 metros de tódolos lindes.

A parcela (referencia catastral 6661411NH2466S0001SO) onde se pretende executar a obra atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM: UC-2. A parcela sitúase dentro da zona de afección dun regato, e na aldea de Lamiño que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave BE-6.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 31.07.2024 (expte. DH.W15.101558), da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 05.09.2024 (expte. 1946/24) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 31.07.2024 (expte. DH.W15.101558).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 138,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 203,41 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ GONZÁLEZ CAAMAÑO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita na Urbanización Agro Novo nº 64 – Os Ánxeles, substituindo a totalidade da tella cerámica curva existente por tella nova de similares características.

A parcela (referencia catastral 6346701NH2464N0009JZ) na que se pretenden executar as obras, emprazase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 60,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 124,71 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Mario López Freire, que di actuar en representación de MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ RIVAS, na que comunica que vai construír un soportal de madeira, a implantar na fachada frontal da vivenda de Gundín 18 - Os Ánxeles e afastado do lindeiro particular a 4,67 metros. O soportal segundo a memoria técnica asinada polo arquitecto José Mario López Freire en data de 23.05.2024, terá unhas dimensións en planta de 2,70 m. x 13,67 m. (36,91 m²), e unha altura de 2,42 metros. A cobertura do mesmo farase con tella cerámica, apoiada sobre estrutura de madeira de pino abeto, sustentado todo o armazón sobre 4 pilares de pedra.

A parcela (referencia catastral 5341403NH2454S0001MJ) na que se pretenden executar as obras, atopase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRL-1), e atópase dentro da zona de protección dunha vivenda integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM. Clave identificativa: AE-12.

A Xunta de Goberno Local, a vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 20.09.2024 (expte. 2343/24) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 135,07 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 199,64 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por IRENE TOMÉ GONZÁLEZ, na que comunica que vai reparar o tellado da vivenda de Vioxo de Abaixo nº 14 – Luaña, para mellorar a impermeabilidade da mesma, selando o contorno da cheminea e a cumieira da cuberta.

A parcela (referencia catastral 1140501NH2414S0001FQ) na que se pretenden executar as obras, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-1), e sitúase dentro da zona de policía dun rego, e na aldea de Vioxo de Abaixo que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: LE-2, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 13.09.2024 (clave DH.W15.103942) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar de Xinzo nº 33 – Bastavales, abrindo unha gabiá de 41 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 28.02.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 9910644NH3491S0001WJ) está dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e de xeito residual, as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 566,51 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 113,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total:177,87 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar de Brión de Abaixo nº 4 – Brión, abrindo unha gabiá de 1 metro de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 09.04.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 5460107NH2456S0001ST) atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e situase na aldea de Brión de Abaixo que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: XB-3.

O Sr. Concelleiro Noya Pereira abstense no debate e votación deste asunto ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, a vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 09.08.2024 (expte. 1404/24) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 84,78 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,96 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,53 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar de Vilas nº 36 – Brión, abrindo unha gabiá de 16 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez con data 01.08.2024.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 6924806NH2462S0001XP) está dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista da conformidade ao proxecto da entidade Nedgia S.A., de data 28.08.2024 (expediente: N-STG-20240010) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 89,14 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 17,83 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 82,40 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para construír unha instalación de distribución eléctrica, proxecto denominado " LMT CT RBT TEMBRA - BRIÓN", o cal asentase nas inmediacións da aldea de Tembra - Boullón. As obras a realizar segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial Javier Fernández Pazos, que conta con visado colexial de data 16.05.2023, consisten na instalación dun centro de transformación prefabricado de 100 Kva. de potencia, a emprazar sobre a parcela de referencia catastral 15013B501001430000MX, así como unha liña soterrada de media tensión de 85 metros de lonxitude que o conectará coa liña de media tensión LMT NEG 805, procedente da subestación de Negreira e a súa conexión (CT) coa rede de baixa tensión existente na zona. A conexión coa liña LMT NEG 805 realizase sobre o apoio existente, con matrícula: 9XDL87WG/74-24 e desde o C.T proxectado, proxéctanse dúas liñas de 30 metros de lonxitude, en baixa tensión ata conectar coa rede existente de baixa tensión da zona. O novo C.T afastarase a 4 e 12 metros do eixo de cada un dos camiños públicos cos que está en contacto a parcela.

A actuación execútase sobre unha parcela de concentración parcelaria (parcela nº 143 do polígono 501) cunha superficie de 3.333 m² clasificada polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (RC.)

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria de data 05.08.2024 (expediente IN407A 2023/358-1), do informe sectorial da Consellería do Medio Rural de data 28.12.2023 (ref: 2023/3192818), e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 4.483,34 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 896,67 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 961,24 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SANTIAGO CAMPOS LÓPEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Reboredo Pequeno 8 – San Salvador.

Con data 07/03/2023 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a SANTIAGO CAMPOS LÓPEZ, para construír unha vivenda unifamiliar en Reboredo Pequeno 8, San Salvador, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 28/12/2022 (expediente 2206202) e documentación complementaria visada o 14/02/2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos con data 22.01.2024, visado polo Colexio oficial correspondente con data 14.02.2024, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.
Total: 64,57 euros.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por GUILLERMO BLANCO GARCÍA, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en Caxusa - Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña e Pontevedra, con data 13.06.2024 (núm. 20240576).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 8308406NH2480N0001UX.

Superficie: 5.201 m², segundo medición recente.

Lindes:

Norte: Rosalía Martínez Barreiro (1.050); hoxe Ernesto Iglesias Martínez.

Sur e Oeste: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Leste: María Vilarelle Bustelo (1.052).

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Segregación pretendida:

Finca "Parcela cesión":

Superficie neta: 456 m².

Lindes:

Norte: Rosalía Martínez Barreiro (1.050), finca neta e vial público.

Sur: vial público e finca neta.

Leste: María Vilarelle Bustelo (1.052) e finca neta.

Oeste: vial público.

Parcela número 1.051-1

Superficie neta: 2.318 m².

Lindes:

Norte: Rosalía Martínez Barreiro (1.050), "Parcela cesión a vias" e despois vial público.

Sur: "Parcela cesión a vias" e despois vial público.

Leste: parcela número 1.051-2 desta segregación.

Oeste: Parcela cesión a vias" e despois vial público.

Clasificación urbanística: NRL-2.

Parcela número 1.051-2

Superficie neta: 2.427 m².

Lindes:

Norte: Rosalía Martínez Barreiro (1.050).

Sur: "Parcela cesión a vias" e despois vial público.

Leste: María Vilarelle Bustelo (1.052).

Oeste: parcela número 1.051-1 desta segregación.

Clasificación urbanística: NRL-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 456 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

SIXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Carbajo Capeáns, que di actuar en representación de MARGELY MORALES ARCA e JACOBO TOJO REY, na que solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina, en Guitiande 71 – Os Ánxeles, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola sociedade CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados SLP, visado con data 11.07.2024 e 14.08.2024 (expte. 2403722).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7048919NH2474N0001GJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola sociedade CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados SLP, visado con data 11.07.2024 e 14.08.2024 (expte. 2403722).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, (35m² asinados en documento administrativo de cesión con data 19.09.2024), necesaria para que os terreos alcancen, se non a tivesen, a condición de solar, que implica a pavimentación da beirarrúa no fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 35 m²., destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 19 de setembro de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 4.531,57 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 322,26 euros.

Total: 4.853,83 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por NATALIA BLANCO CAAMAÑO e DAVID LENZÓS MOURE, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, en Caxusa

18 – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Mercedes Rosón Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.02.2022 e 15.05.2024 (expte. 2200665).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 8308403NH248N0001EX) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Mercedes Rosón Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.02.2022 e 15.05.2024 (expte.2200665).
- Como garantía da urbanización dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, que implica a pavimentación do fronte da parcela, a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso,

na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.009,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 100,50 euros.

Total: 2.110,36 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA ISABEL MARTÍNEZ RAMOS e MODESTO SANTIAGO ESPASANDÍN CASTRO, solicitando licenza para a construción dun muro de contención en Lamiño 69 – Brión, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Carlos Pérez Lousame, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.07.2024 (expte.2303893).

As parcelas onde se van executar as obras (referencias catastrais núm. 6663711NH2466S0000PI e 6663701NH2466S0001JO) emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local, con data 28/05/2024, concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Lamiño 69 – Brión, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Carlos Pérez Lousame, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 08.05.2024 (expte. núm. 2303893) e aceptou a cesión efectuada de 69,21 m² (63,20 m² no linde sur), destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 16 de maio de 2024 no cal o peche sitúase a 4 metros do eixe do vial.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Carlos Pérez Lousame, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.07.2024 (expte.2303893).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza

sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 77,20 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
- Total: 173,23 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de MANUEL SANDÁ PÉREZ, solicitando licenza para a substitución da cuberta da vivenda sita en Ombre 8 – Viceso, segundo o proxecto técnico asinado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, visado con data 23.07.2024 (VN24002014).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral núm. 0473204NH2407S0001BW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto técnico asinado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, visado con data 23.07.2024 (VN24002014).
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza

sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 138,92 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 234,95 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por Jose Antonio Hernando Ezquerra, que di actuar en representación de DAVID GARCÍA GARCÍA e ROJELYN SAMSON SOTTO, solicitando autorización para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e pérgola, en Guitiande 72 – Os Ánxeles, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado con data 06.08.2024 e 10.09.2024 (expte. 2402294).

Antecedentes:

Con data 05.08.2024 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a DAVID GARCÍA GARCÍA e ROJELYN SAMSON SOTTO, para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e pérgola en Guitiande 72 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado o 30.04.2024 e documentación complementaria sen visar asinada con data 21.06.2024 (planos S03, A05, A04, A03) e 04.07.2024 (planos A01 e S04), coa condición de presentar o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG antes do inicio das obras.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da presentación do proxecto de execución que desenvolve o Proxecto básico asinado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visado o 30.04.2024 e documentación complementaria sen visar asinada con data xuño 2024 (planos S03', A05', A04', A03') e con data xullo 2024 (planos A01'' e S04') que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 05.08.2024, e autorizar o inicio das obras.

SÉTIMO.- RENUNCIA PARCIAL A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Santiago Boo Moar, que di actuar en representación de CÁNDIDO GUTIÉRREZ BAÑOS, na que comunica ao Concello a renuncia á construción do anexo destinado a garaxe, da licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 14.12.2021 a EVA GLORIA RODRÍGUEZ CARBALLO e CÁNDIDO GUTIÉRREZ BAÑOS, para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar e anexos e construción dunha piscina e anexo, en Guitiande 6 –Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Álvaro Gutiérrez Baños, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24.09.2021 e documentación complementaria visada o 03.12.2021 (expte. núm. 2105367).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 14.12.2021 no que respecta ao anexo destinado a garaxe.

2º) Notificar o presente acordo o interesado.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González